

**ESPECIAL ENSINO**



O ciclo medio de soldadura conta con moita demanda e o centro dispón dun número de prazas limitadas. // Abad



O PCPI de Pesca e Transporte Marítimo abre as portas para acadar distintas titulacións de pesca e mariña mercante. // Abad

>>>  
**Ciclos superiores de FP que abren as portas de Europa**

Os ciclos superiores que imparte o Johan Carballeira son "Administración e Finanzas" e "Construcións Metálicas".

Nos dous hai posibilidades de acceso a unha bolsa para realizar a FCT (Formación en centros de traballo) noutros países europeos. Neste curso o centro, que ten Carta Erasmus, acadou 5 bolsas para os seus alumnos.

A inserción laboral é bastante boa en empresas de automoción e construcións metálicas. Espérase que tamén mellore no sector naval, cós últimos contratos asinados polos estaleiros.

Os mozos e mozas interesados en formarse nestas familias profesionais atoparán en Bueu unhas modernas instalacións e un nivel formativo que lles facilitará a súa inserción laboral unha vez que rematen os estudos. Precisamente, os ciclos formativos que se imparten no IES Johan Carballeira teñen unha excelente acollida por parte das empresas da comarca, rexistrando un elevado nivel de colocación entre os alumnos que rematan a súa formación no centro.

# Na procura de saídas laborais no Morrazo

ELENA G. ABAD [BUEU]

Moitos mozos da comarca enfróntanse nestas datas a unha das decisións máis importantes das súas vidas. Entre os rapaces que rematan a ESO, o dilema está entre cursar Bacharelato ou un ciclo de Formación Profesional. Os mozos e mozas que non acaden o graduado en ESO tamén poden realizar un programa de cualificación profesional inicial (PCPI).

Nunha comarca de tradición mariñeira coma a nosa, o IES Johan Carballeira posibilita a forma-

» O IES Johan Carballeira imparte o único PCPI de Pesca e Transporte Marítimo de Galicia

ción a través dun PCPI de "Pesca e Transporte Marítimo", impartido en colaboración coa Escola de FP Marítimo Pesqueira de Bueu.

O programa abre as portas aos seus alumnos para acadar os títulos de "Mariñeiro Pescador" da Consellería do Mar, "Formación Básica", "Mariñeiro de Ponte" "Mariñeiro de Máquinas e Buques

Ro-Ro" da Dirección Xeral da Mariña Mercante.

No IES Johan Carballeira impártese, asemade, dous PCPI de "Peiteado" e "Fabricación Mecánica".

**Diversos Ciclos**

O IES Johan Carballeira de Bueu imparte na actualidade dis-

tintos ciclos formativos das familias profesionais de Administración, Imaxe persoal e Fabricación Mecánica.

No caso dos ciclos medios de "Xestión Administrativa", "Perruquería" e "Soldadura e Caldeiraría", teñen unha duración de 2.000 horas, mentres que "Estética Persoal Decorativa" é de 1.300 horas. O centro dispón de moi boas instalacións para o ciclo medio de soldadura e caldeiraría, no que habitualmente a demanda de matrículas supera ás prazas ofertadas.

**MATRICÚLATE XA!!!**

**I.E.S. JOHAN CARBALLEIRA**  
Formación Profesional Específica

**INFORMACIÓN E RESERVA:**  
986 323270 e 986 323071  
Prazo de Admisión PCPI e CICLOS  
Información no Centro

Rúa do Instituto 4 - BUEU  
Telf. 986323270 - Fax 986323071  
E-mail: ies.johan.carballeira@edu.xunta.es

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Fondo Social Europeo

**CICLOS FORMATIVOS. Grao Superior e Medio**

<p><b>ADMINISTRACION E FINANZAS</b> CICLO FORMATIVO GRAO SUPERIOR</p>	<p><b>CONSTRUCCIÓNS METÁLICAS</b> CICLO FORMATIVO GRAO SUPERIOR</p>	<p><b>ESTÉTICA PERSOAL DECORATIVA</b> CICLO FORMATIVO GRAO MEDIO</p>
<p><b>XESTIÓN ADMINISTRATIVA</b> CICLO FORMATIVO GRAO MEDIO</p>	<p><b>SOLDADURA E CALDEIRERÍA</b> CICLO FORMATIVO GRAO MEDIO</p>	<p><b>PEITEADO E COSMÉTICA CAPILAR</b> CICLO FORMATIVO GRAO MEDIO</p>

**PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL**

**PCPI DE PESCA E TRANSPORTE MARÍTIMO**

FORMACIÓN BÁSICA | MARIÑEIRO PESCADOR | MARIÑEIRO DE PONTE

FORMACIÓN BÁSICA | MARIÑEIRO PESCADOR | MARIÑEIRO DE PONTE

**Outros PCPI: PEITEADOS | CONSTRUCCIÓNS MECÁNICAS**